

Á MESA DA COMISIÓN 5.^a

O Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda, por iniciativa da súa deputada Eva Solla Fernández e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte Emenda á Proposición non de lei, doc. núm. 49756 (10/PNC-004026) do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, sobre as medidas que debe adoptar o Goberno galego en relación coa perda de traballadores autónomos que rexistra Galicia no último ano, incluída na orde do día que esta Comisión vai celebrar o 19 de setembro.

EMENDA DE ADICIÓN

Débense engadir dous novos puntos co seguinte texto:

- O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a realizar unha campaña de inspección específica respecto aos falsos autónomos, dotando dos medios e recursos necesarios á Autoridade Laboral, para o correcto funcionamento da mesma.
- O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a demandar do Goberno do Estado, establecer mecanismos de cotización para as persoas autónomas en relación á facturación real dos mesmos.

Santiago de Compostela, 17 de setembro de 2019.

Asdo.: Eva Solla Fernández

Manuel Lago Peñas

Deputada e Voceiro do G.P. Grupo Común da Esquerda.





Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 17/09/2019 18:20:24

José Manuel Lago Peñas na data 17/09/2019 18:20:35



Á MESA DA COMISIÓN 5ª, SANIDADE, POLÍTICA SOCIAL E EMPREGO

O Grupo Parlamentario Mixto a iniciativa da súa deputada **Paula Vázquez Verao** e a través do seu voceiro, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa as seguintes **emendas á Proposición non de lei do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, núm. 49756 (10/PNC--004026)**, incluída na orde do día da devandita Comisión que se celebrará o 19 de setembro de 2019.

Emenda número 1 de adición:

Débese engadir, ao final do parágrafo da parte resolutiva, o seguinte texto:

“, tendo en conta a necesidade dun plan específico dedicado á consolidación do emprego autónomo feminino.”

Emenda número 2 de adición:

Débese engadir un novo punto co seguinte texto:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta a promover unha campaña específica de inspección sobre a figura do/a falso/a autónomo/a.”

Emenda número 3 de adición:

Débese engadir un novo punto co seguinte texto:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta a dirixirse ao Goberno do Estado para promover un réxime fiscal e da Seguridade Social das e dos traballadores autónomos de xeito que as súas cotizacións teñan en conta a súa facturación real e aumente os dereitos das e dos traballadores autónomos.”



Santiago de Compostela, 18 de setembro de 2019.

Asdo.: Paula Vázquez Verao

Deputada do G.P. Mixto

Luís Villares Naveira,

Voceiro do G.P. Mixto

Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Verao na data 18/09/2019 17:35:14

Luis Villares Naveira na data 18/09/2019 17:35:24



Á Mesa da Comisión 5.^a, Sanidade, Política Social e Emprego

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa do seu deputado **Julio Torrado Quintela**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda** á Proposición non de lei en Comisión do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para construír un novo centro de saúde no concello de Caldas de Reis no ano 2020, así como para mellorar a asistencia sanitaria que se está a prestar no centro actual e no punto de atención continuada (10/PNC-004039, doc. núm. 49878).

Emenda de modificación

Débase modificar o punto 1 da parte resolutiva da proposición non de lei que quedará redactado co seguinte contido:

“1. Dar resposta efectiva ás accións do Concello de Caldas de Reis que vén ofrecendo diversas parcelas para a construción do necesario novo centro de saúde, e proceder aos trámites necesarios para iniciar a infraestrutura no ano 2020.”

Pazo do Parlamento, 18 de setembro de 2019

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 18/09/2019 17:17:22

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 18/09/2019 17:17:33

